



PAPEL DE COLOR POESÍA PARA AMIGOS

Alfonso Mumary Ruibal



Álvaro Cunqueiro


A editorial Un; que ademais do libro de Cunqueiro, Poemas do si e non (1933), editará Corazón ao vento, 1933, de Iglesia Alvariño, e Primeiras cantigas de amor, 1936, de Díaz Jácome; forma parte do ambicioso proxecto que, dende Mondoñedo, e en compañía de Iglesia Alvariño e Bernardo Vidarte (ilustrador), emprende Cunqueiro entre 1933 e 1936: a Oficina Lírica do Leste Galego. "Factoría vangardista", a Oficina é a responsable, ademais, de tres publicacións periódicas: Papel de Color (1933-35), Flor de Diversos (1935) e Impresos Sentimentais ou Nenias (canto funerario), (1935-36).




De Papel de Color consérvanse cinco números, dous dos cales son sendas elexías a Manuel Antonio, escritas polo propio Cunqueiro. Aquilino Iglesia Alvariño e Ricardo Carballo Calero asinan, así mesmo varias colaboracións. Tamén figura Cunqueiro como responsable de Flor de Diversos en 1935, na que tamén colaboran Vidarte e Iglesia Alvariño. Este dirixe dende Vilagarcía de Arousa a terceira publicación da Oficiña: Impresos Sentimentais, na que Cunqueiro publica catro poemas, os tres primeiros adicados a Rosalía de Castro, Antonio Nobre e Heine, e un cuarto titulado Epigramma (datos sacados do Centro Visual Cervantes). O número un de Impresos Sentimentais é de A. Iglesia Alvariño con tres elexías verdadeiras de Antón Vilar Ponte, Manuel Antonio e Luis Amado Carballo e un cuarto titulado Epigramma. Estes son

dos anos 1935-36. Papel de Color publicábase nunha imprenta de Ribadeo. Nunca editaron máis de 30 ou 40 exemplares de cada número, destinados só como agasallo aos amigos de Cunqueiro. Co número cinco repartiuse tamén un sobre con debuxos de Luis Seoane, para coleccionar estas follas poéticas.



Estes Papel de Color que aquí presentamos, fotocopia dos orixinais en cor, e tamaño parello, pertencían a Luis Manteiga, director de "Claridad, Semanario de Izquierdas" e colaborador de Guión, Resol, Yunque, A Nosa Terra e Nós. Íntimo amigo de Francisco Fernández del Riego e de Luis Seoane quen lle publica cando morre Manteiga un libro sobre Galicia titulado "Lugares y caminos".







Estes papeis de Mantenga (1903-1949), non estaban sós na casa da tía, duns grandes amigos meus, en Santiago, senón que con eles había dúcias de manuscritos de novelas e teatro, tanto en galego como en castelán (as máis delas). Pode que sexa un dos escritores máis prolíficos galegos.

Pois ben, estes amigos puxeron a disposición de Isaac Díaz Pardo todos os manuscritos de Manteiga, para que no caso que tivesen algún interés puidesen ser publicados. Díaz Pardo non o dubidou e publicou no 2003, un volume con algunha obra de teatro, que era o que máis lle interesaba, titulado "Teatro Galego". Neste libro aparecen debuxos orixinais e inéditos de Luis Seoane







para ilustrar algunhas das obras. Entre elas está “A Mecada” que puido ser a grande obra en tres actos que Castelao desexaba montar coa Polifónica de Pontevedra e Antón Vilar Ponte quería para o público dos Coros Populares.

A finais de xullo de 2006, Díaz Pardo saca outro libro, este de narrativa, titulado “INTRES” (1934-35).

Ben, deixemos a Manteiga, que según xente autorizada puido ser o que lle pasou ao galego os famosos versos de García Lorca (Enciclopedia Galega) e do que seguiremos dando pinceladas en próximos números se a dirección mo permite, para poder disfrutar do contido destes Papel de Color.





Que barba non vaidada!
Que pálela color!
Que vestido que longa
Noncuranza afeita!

Grandeza traxica e fatel da visión do poeta. Estrano e vago ás xuntas,
lemado por un poderoso uso do espírito, teu a vista
brava
chea d' espanto e dor.

O artista crúseco loce os radiosos ollos serexos. No fondo dáse conta da
propia limitación: ordeou un raxiña, e disciplinando as cordas da lyra, su-
primiu a seiva e a traxica entana do deslino. O bardo primitivo un ro-
mántico non pode pecharse en tal serenidade: compréndese sotto a meias
ignoto a min mesmo
escuro enigma en son.

Tampouco é univo; os anxos suben o que son. Súa cantar do Haho
como Carducci, poeta máis demarcado no tempo e no espacio, o mesmo
bardo exprime unha ansia titáncica. Mais n' ela tamén unha lediza que
non alcanzan os homes, pois hasta a sinxela rapaceira das arces bravas,
afeita ao misterio, considero queais como un xolo. O canino exprime-
tado, o grande voz do pobo, di:

parece un pino leixado do vento,
parece bolado do mar de Nacións.

Saílo o mar infinto da atormentada costa pode producir tal creatura.
Non a mar das rias, encadradas de colinos; teu de ser esa costa e mar
d' a conciencia cósmica, endexamais tranquila, sempre erpuendo de estre-
las brazo titáncico d' escumias, teimando agarradas pr' as gardar no seu
dos misterios.



Eduardo Pondal da Ponteceso nasceu o
día 8 de Fevereiro do 1835. Foi o derradei-
ro bardo. Home-universo como poeta é o
que queremos decir esitamente.
Mondoñedo, na Galiza, 1935.

Cando jazan do cianc
Os febreros despoiros
Sobre do verde da ribeira escura,
E já non s' ouza o canto armonioso;
Dádelle sepultura
No promontorio aquel areoso e rougo,
Onde ó Anilóns, o seu nativo rfo,
(Que é máis amon de todos)
Da peregrinación antiga sua
E do longo traballo haña repouso.
Que diga o mariñeiro
Rudo fillo do Osmo
Ó entrar pol-a Barra
Valendo o escuro rostro:
- Alí fáz o que fora
N' outro tempo cantor do eido noso.

Eduardo Pondal